

facendo igualdade

Contidos de sensibilización en materia de igualdade laboral elaborados pola Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e dirixidos a todas as empresas galegas.

Igualdade na negociación colectiva



SABÍAS QUE...?

Resulta de grande importancia integrar o principio de igualdade na negociación colectiva, xa que os convenios colectivos:



Regulan as relacións laborais nos espazos de traballo



Adaptan as leis ás realidades profesionais



Compensan as persoas traballadoras fronte á posición de maior poder das empresas

IGUALDADE NA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

A Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a Igualdade efectiva de Mulleres e Homes regula, por primeira vez, **o deber de adoptar medidas dirixidas a evitar calquera tipo de discriminación laboral entre mulleres e homes.**

Estas accións deberán ser negociadas e, se é o caso, acordadas coa representación legal das persoas traballadoras.

Ademais, o **Estatuto dos Traballadores** indica no seu art. 85.1 o deber de negociar nos convenios colectivos medidas dirixidas a promover a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no ámbito laboral.



Os deberes de adoptar e de negociar medidas de igualdade son os mecanismos legais máis importantes da negociación colectiva na efectividade do principio de igualdade.



igualdadegalicia



igualdadegalicia



igualdadelgal



XUNTA
DE GALICIA



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL

FERRAMENTAS PARA A NEGOCIACIÓN DE MEDIDAS DE IGUALDADE

A ferramenta máis eficaz para a negociación de medidas de igualdade laboral nunha empresa é o **plan de igualdade**. Cando chega o momento de comezar a elaboración do plan de igualdade dunha entidade, débese constituír unha **Comisión Negociadora de Igualdade**.

Na actualidade, e con base no artigo 5 do **Real Decreto 901/2020, do 13 de outubro, polo que se Regulan os Plans de Igualdade e o seu Rexistro**, xa non serve a constitución dunha comisión ad hoc. Ten que estar formada, na súa parte social, por delegados/as de persoal, integrantes do Comité de Empresa, do Comité Intercentros ou representantes dos sindicatos máis representativos do sector, dependendo do caso.

E TAMÉN...

A Comisión Negociadora de Igualdade é fundamental para:



Negociar e elaborar o **diagnóstico** e o **plan de igualdade** da entidade.



Impulsar a implantación e definir os indicadores de medición e os mecanismos de seguimento e avaliación do plan de igualdade na empresa



O impulso das primeiras accións de información e sensibilización do persoal

QUE PODEN FACER AS PERSOAS TRABALLADORAS?

- Revisar o seu convenio colectivo de aplicación, para coñecer as medidas de igualdade que lles serían de aplicación.
- En caso de ter convenio de empresa, lelo con detemento e identificar as accións de igualdade ás que poderían acollerse.
- Se na entidade hai plan de igualdade, lelo e implicarse na súa implantación.
- Consultar coa delegación de persoal ou o comité de empresa para trasladarlles calquera inquietude relacionada cos seus dereitos de igualdade.

Onde podo aprender máis sobre igualdade na empresa?



aigualdadelaboral.gal



igualdade-laboral.gal



igualdadegalicia



igualdadegalicia



igualdadelgal



XUNTA DE GALICIA



GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO DE TRABAJO Y ECONOMÍA SOCIAL